



Máis vida social e familiar grazas aos robots

En Mas Gelats viven a día de hoxe un total de 260 animais e móxense cada día 120 vacas en dous robots GEA DairyRobot R9500. Situada na localidade catalá de Riudarenes (Girona), nesta explotación familiar de máis de 50 anos de historia traballan Josep Durán e o seu fillo Damià.

Antes de robotizar o muxido en setembro do ano pasado, contaban cunha sala 2x8 con medidores volumétricos na que tardaban 8 horas ao día en muxir todas as súas produtoras. Agora poden cumprir con máis garantía os estándares de calidade que lles esixe o mercado, contan con datos diarios de todos os seus animais e compaxinan moito mellor a súa vida laboral coa social e familiar.

Josep e Damià, xunto á súa irmá Gemma e á súa avoa Montserrat, cónctannos na seguinte reportaxe como cambiaron as súas vidas tras a robotización da granxa.



Nome da explotación: Mas Gelats
Localización: Riudarenes (Girona)
Animais en total: 260
Vacas en produción: 120
Media de produción: 34 litros/vaca/día
Media de número de muxidos: 2,8
Porcentaxe de graxa: 3,70 %
Porcentaxe de proteína: 3,20 %
RCS: 150.000 cél./ml



“O robot permitiume dedicarlle máis tempo á vida social e familiar, practicar deporte e ver máis os meus amigos”

Cal foi o motivo polo que se decidiron a robotizar o muxido?

Estabamos a traballar cunha sala 2x8 de liña central, con medidores volumétricos, e xa estaba un pouco obsoleta. Non nos permitía ter unha análise dos datos concreta e era o momento de facer un cambio.

Apostamos polos robots pola tranquilidade do persoal e porque creo que nunha granxa familiar encaixan moi ben.

Por que optaron por GEA?

Porque é un robot que desde o momento que saíu me gustou moito, un robot moi silencioso, moi respectuoso co animal, que traballa moi ben o tema das células somáticas e tamén porque o servizo técnico é moi competente, de moita calidade. Demostraron que coidan ata o último detalle, fan un seguimento moi exhaustivo de todo o proceso unha vez que empezou.

Como é agora o día a día na granxa?

O día a día na granxa consiste en chegar ás seis da mañá, facemos unha limpeza das cámaras dos robots e, a continuación, revisamos o móbil para corrixir os atrasos. Mentres, o meu pai encárgase de todo o tema da alimentación. Logo, fago o coidado dos xatos pequenos e a limpeza do establo.



Unha vez feito isto, distribúese a comida e vou botarlle unha ollada ao ordenador, comprobo as listaxes de mami, celos e baixadas de produción de leite e, seguidamente, inseminanse as vacas ás que o colar GEA CowScout lles detectou celo e, se hai algún animal para tratar, trátase. Sobre a 1 ou 2 do mediodía revisamos como van os muxidos das vacas.

Logo, pola tarde, arrimamos a comida; facemos o coidado dos pequenos outra vez en canto a lactación; repasamos as camas e realizamos os atrasos que puidese haber antes de irnos, normalmente non hai que facer moitos.

Que sistemas GEA incorporaron no proxecto?

Estamos muxindo con dous robots GEA DairyRobot R9500 situados ao extremo da nave, cunha porta de preselección e sala de espera e unha postselección con enfermería, para separar os animais que están enfermos ou hai que tratar.

“Achegounos moita información e non nos movemos tanto por sensacións senón por datos reais”

Logo, no que se refire ao manexo do leite, este sae dos dous robots e unifícase nunha tubaxe de leite común que leva ao tanque pasando por unhas placas de prearrefriamento. A maiores, traballamos cun tanque vertical de 15.000 litros.

Que beneficios lles achegou?

É unha ferramenta que funciona todo o día, que tes que supervisar, pero, mentres fas esa supervisión, podes ir realizando as outras tarefas da granxa.

O que nos achegou é moita información, moitos datos, e isto para a toma de decisións é moi importante, porque xa non nos movemos tanto por sensacións senón por datos reais.

Unha das cousas que mellorou máis é o tema das células somáticas, agora estamos ao redor das 150.000 cél./ml. O sensor de células por cuarteirón permítenos separar por cuartos o leite en caso de que o reconto celular do tanque sexa superior aos estándares de calidade esixidos. De momento non é así, entón podemos botar todo o leite ao tanque.

Ademais, o robot proporcionou moita flexibilidade nos horarios, concedeume facer algún descanso. Antes estaba muxindo practicamente 8 horas ao día; agora só estou 4 horas, polo que podo dedicarlle máis tempo á vida social e familiar. A min persoalmente permitíume practicar deporte e ver máis os meus amigos.

Josep Durán



“Os meus pais empezaron con 10 ou 12 vacas. De pequeno, ensináronme a muxir a man, logo facíase en cantinas e, máis tarde, con máis número de animais, con muxido directo. O último paso que demos foi construír a nave nova e poñer os robots de muxido de GEA. Desde que temos o robot, a granxa é totalmente familiar, somos Damià e eu; só nos bota un cable algunhas veces a súa irmá.

Antes tiñamos unha sala de muxido e quedaba moi anticuada, pasabamos moitas horas muxindo. Cambiou a vida porque tes máis tempo libre, vas máis relaxado e algúns días de festa permíteche saír un pouco de aquí. Ademais, as vacas están moi tranquilas”.

Gemma Durán



“Axudo na granxa as fins de semana, no meu tempo libre, os veráns, en vacacións...

Traballar con robot deunos máis liberdade, podemos gozar máis do noso tempo libre e axudounos a pasar máis tempo en familia, por exemplo no Nadal fomos dar un paseo todos xuntos.

Notei tarefas moito menos duras, máis agradables, e moita máis tranquilidade nos animais e no ambiente de traballo”.

Montserrat Vidal



“Agora, como todo se modernizou tanto, puxeron dous robots e están moi ben, descansan máis. Antes pasaban moitas horas muxindo e, agora, se fai falta, límpalos, contrólanos, pero a vida mellorou moitísimo para eles.

As vacas están moi ben, moito mellor que antes, desde logo”.

